



# **CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA**

---

**Ocupación en establecimientos regrados**

**Agosto 2018**

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de agosto de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.

## AGOSTO 2018


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Agosto 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	499.034	-4,0%	1.228.972	-4,9%	2,46	-0,9%	72,22%	-3,04
PENSIÓNS	135.089	-27,1%	269.123	-16,9%	1,99	14,1%	44,81%	-1,73
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>634.123</b>	<b>-10,1%</b>	<b>1.498.095</b>	<b>-7,3%</b>	<b>2,36</b>	<b>3,1%</b>	<b>64,98%</b>	<b>-1,86</b>
APTOS. TURÍSTICOS	27.552	0,8%	119.062	-1,2%	4,32	-2,0%	61,04%	-1,04
CÁMPINGS	119.475	3,8%	441.104	4,8%	3,69	0,9%	45,38%	2,61
TURISMO RURAL	40.166	-3,6%	108.070	-9,3%	2,69	-6,0%	50,29%	-4,34
<b>ESTAB. EXTRAHOTEL.</b>	<b>187.193</b>	<b>1,7%</b>	<b>668.236</b>	<b>1,1%</b>	<b>3,57</b>	<b>-0,5%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>821.316</b>	<b>-7,7%</b>	<b>2.166.331</b>	<b>-4,8%</b>	<b>2,64</b>	<b>3,1%</b>	-	-

- En agosto de 2018 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 7,7% e o volume de noites un 4,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Con este descenso rómpese unha tendencia de crecementos consecutivos nos últimos cinco anos. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –por mor do efecto pos-Xacobeo nun contexto de crise- os niveis de demanda recupéranse en 2013 cunha suba do 6,9% que precede aos incrementos posteriores do 4,6% en agosto de 2014, do 5,1% en 2015, do 8,8% en 2016 e do 3,8% no pasado ano 2017. Esta dinámica colocou o nivel do mes de agosto en preto de 2,28 millóns de noites. Coa caída deste ano o volume final fica en case 2,2 millóns de noites –cifra obviamente inferior á de 2017 máis superior a toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante. Neste caso o descenso do 7,7% vén precedida dunha estabilidade da cifra en 2017 que á súa vez viña rexistrando incrementos desde o 2013. Son, por tanto, cinco anos consecutivos de valores positivos que conseguiran achegarse aos 900 mil viaxeiros no pasado ano. O dato de agosto de 2018 fica levemente por encima de 821 mil –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- É o terceiro mes consecutivo –e cuarto no total do ano- no que se rexistra unha caída da demanda turística en Galicia, circunstancia que se contrapón ao observado no primeiro trimestre cando se rexistraban incrementos de diversa intensidade de xaneiro a marzo –en maio o

comportamento foi estable-. O cómputo global da como resultado que no conxunto dos primeiros oito meses do ano o nivel de demanda turística regrada en Galicia descende un 5,3% en relación ao mesmo período de 2017 –rexistrando preto de 7,3 millóns de noites-. Mantense, por tanto, a dinámica irregular do primeiro semestre do ano sendo que a caída de agosto preséntase como a máis baixa en intensidade.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de agosto 2005-18




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de máis de 68 mil viaxeiros aloxados e de pouco máis de 110 mil pernoctacións en relación ao mes de agosto de 2017.
- A nivel estatal rexístrase igualmente un descenso, pero de menor intensidade, do volume de noites –cae un 1,2%- como consecuencia dun empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 1,4%.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda regrada a nivel das comunidades autónomas. Oito delas amosan unha dinámica positiva, superando os niveis do pasado ano. O crecemento de maior intensidade rexístrase en Estremadura, destino que presenta unha suba do 6,2%. Seguen en orde de importancia Cantabria e Castela A Mancha, con incrementos do 4% interanual.
- A demanda mantense estable en Baleares e Asturias, e descende nos sete destinos restantes, con diversa intensidade. Madrid marca a caída máis suave –do 1,6%- mentres que no lado contrario é A Rioxa o destino que rexistra neste mes o descenso máis acusado, do 5,0% neste caso. Galicia rexistra neste mes a segunda caída máis intensa a nivel das comunidades autónomas.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo tamén Estremadura o destino de crecemento máis notable, do 10,6%. Galicia rexistra, en cambio, a caída de maior intensidade, do 7,7% neste caso.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a sétima posición representando o 3,1% do total de España –posición máis elevada á rexistrada nos primeiros meses deste ano mais equivalente á observada en xullo-. Cataluña é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 15,6 millóns de pernoctacións no mes de agosto –o 21,9% do

total-. Sitúanse a continuación Baleares –con máis de 13,2 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 10,2 millóns-, Canarias –con case 10,0 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 7,7 millóns-. Só estas cinco comunidades agrupan a case o 80% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En agosto o 69,2% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 56,7%- coma ás pensións –co 12,4% neste caso-. O 30,8% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 5,5% da demanda total-, aos cámpings –co 20,4%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 5,0% neste caso-.
- Tal como corresponde a un mes de temporada alta, os cámpings adquiren un peso importante neste mes de agosto modificando a estrutura da demanda regrada en función da modalidade de aloxamento. Contráponse isto ao que acontece en temporada baixa, por exemplo, cando o peso dos cámpings apenas chega ao 1% do total..


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Agosto 2018



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda a pesar de que neste mes diminúe a súa representatividade por mor da presenza dos cámpings.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade agás no caso dos cámpings –única modalidade que consegue situarse en cifras positivas e superar o nivel de demanda do pasado ano, nun 4,8%-.
- O descenso máis acusado reside nas pensións –cunha caída do 16,9% no volume de noites-. A caída sitúase no 9,3% en turismo rural, no 4,9% nos hoteis e no 1,2% nos apartamentos turísticos.

- En todas as tipoloxías o comportamento da demanda provén basicamente dunha variación paralela da cifra de viaxeiros aloxados agás nos apartamentos turísticos –onde a caída vén do lado da estadía media xa que a cifra de viaxeiros sobe preto do 1%–.
- Nunha perspectiva global obsérvase que cae a demanda no ámbito hoteleiro –un 7,3%– mais increméntase no segmento extrahoteleiro –un 1,1% neste caso–. O dato positivo dos cámpings supera en volume a caída rexistrada tanto nos apartamentos turísticos coma nos establecementos de turismo rural.


Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Agosto 2018/17, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de preto de 118 mil noites no segmento hoteleiro máis na xeración de case 8 mil noites no ámbito extrahoteleiro –por mor das máis de 20 mil novas noites xeradas nos cámpings–.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu un comportamento paralelo entre os hoteis e as pensións. Tal circunstancia trasládase ás diferentes categorías, observándose caídas de diversa intensidade agás no caso dos hoteis de catro e cinco estrelas –segmento que consegue superar minimamente as cifras de agosto do pasado ano, un 0,5% en particular–.
- Os descensos máis notables concéntranse no segmento de categoría baixa –un 14% nos hoteis dunha estrela, un 17% nas pensións de tres e dúas estrelas e un 16% nas de unha estrela–. No segmento medio –hoteis de dúas e tres estrelas– a caída rolda o 5-6% interanual.
- Neste mes de agosto o 81,3% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno –o dos residentes en Galicia– como ao receptor nacional –aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado–. O 18,7% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse en parte á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 76% mentres que o internacional representa o 24%–.


- Esta distribución é propia dun mes de temporada alta no que o peso do turismo nacional supera o 80% e, por tanto, o do internacional fica por debaixo do 20% –marca diferenza cos meses de temporada media cando, por exemplo, o peso do turismo estranxeiro chegaba ao 34% do total-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Agosto 2018




- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo e negativo neste mes de agosto, con caídas de diversa intensidade. O turismo nacional cae un 5,4% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 7,6%.
- Contraponse esta caída aos incrementos rexistrados nos últimos cinco anos, con diversa intensidade, que levaron a acadar niveis máximos en agosto do pasado ano con máis de 1,86 millóns de noites. A caída deste ano sitúa o nivel final en pouco máis de 1,76 millóns –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Agosto 2018/17



- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica negativa con descensos paralelos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 7,9%- coma do volume de pernoctacións –do 2,5% neste caso-. Contrasta este descenso coas subas rexistradas nos cinco anos anteriores –aínda que en 2017 só conseguira estabilizarse-, rompendo por tanto a dinámica positiva que o mercado internacional tiña en Galicia no mes de agosto e que o levara a rexistrar cifras históricas. Esta caída sitúa o nivel final en pouco máis de 404 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior-.
- En agosto o turismo de ámbito nacional representa o 81,3% do total da demanda turística regrada, porcentaxe elevada como corresponde a un mes de temporada alta. Fica media décima por debaixo da cifra rexistrada en 2017 –por mor dunha caída máis intensa en relación ao turismo internacional-. Este último supón neste ano o 18,7% do total da demanda –a segunda porcentaxe máis elevada da serie histórica-.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado difire en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O mercado nacional descende no segmento hoteleiro –un 7,7%- mais mantense estable no extrahoteleiro. O internacional amosa tamén un comportamento negativo no ámbito hoteleiro –cunha caída do 5,5%- mais presenta cifras positivas no extrahoteleiro –segmento no que se incrementa un 5,9%-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 2,64 noites, cifra que se incrementa en relación ao pasado ano –un 3,1% en particular-. É o terceiro ano consecutivo no que sobe a estadía media no mes de agosto, circunstancia que permite mellorar en máis de dúas décimas o dato de 2015 –cando se situaba en 2,43 noites de media-. Con isto Galicia recupera os niveis de inicio da década.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Agosto 2018



- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con 4,3 noites de media nos primeiros e con 3,7 noites nos segundos neste mes de agosto. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas, situándose por encima das dúas noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e ficando xustamente nesa cifra as pensións.

- Os valores son, en xeral, elevados mais destaca singularmente a cifra dos establecementos de turismo rural que con 2,7 noites marca o dato máis alto do ano e supera incluso, por vez primeira en 2018, o dato dos hoteis. A estadía media en turismo rural en temporada baixa fica máis ben no contorno de 1,6 noites.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Mantense practicamente invariable nos hoteis e nos cámpings, sobe e mellora nas pensións –un 14%- e descende nos apartamentos turísticos –un 2%- e nos establecementos de turismo rural –un 6% neste caso-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia superando os valores de seis comunidades autónomas. Novamente Canarias –cunha media de 7,7 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 6,4 noites sitúanse a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana, de Murcia e de Cataluña –ambas por encima das catro noites de media-. No lado contrario é Extremadura o destino que presenta o valor máis baixo con case dúas noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Agosto 2018



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Descende en todas as modalidades por mor da caída da demanda agás no caso dos cámpings –tipoloxía que rexistra unha mellora de 2,6 puntos-. As caídas son máis acusadas no segmento de turismo rural –de máis de catro puntos- e menos notables nos apartamentos turísticos –dun punto porcentual neste caso-.
- Nos hoteis a caída achégase aos tres puntos porcentuais.
- Xustamente son os hoteis a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 72,2% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nas pensións –cun 44,8%- e nos cámpings –cun 45,4% neste caso-.